


O TESOURO DA

CARRILLEIRA DOS NAVALLOS



O val de Navallos está en Hospital da Condesa e estendese desde o meu pobo ata o río Navia dunha lonxitude duns 3 km. Sendo o regato de Navallos afluente do Navia. Pois unha vez tivemos necesidade de facer un forno para cocer o pan e o meu avó contratou para facer as obras a un canteiro de Pontevedra que se chamaba "Domingo Canteiro". Era unha persoa algo rúa que había que tratar conⁿ certo xesto porque senón enfadábase mauchaba e deixaba a obra a medias. Resulta que meu pai axudáballe, que daquela era un rapaz. Axudáballe a amasar o barro, a dulle ladrillos e galando con el preguntoulle pola Casulleira de Navallos, que Dixo que tiña un libro donde estaban apuntados todos os tesouros que había por esta zona. O día seguinte a hora da comida traxo o libro entón meu pai díxolle - esto non é un libro é unha libreta - e él dixo - copieino do libro dos tesouros.

Poñía:

"Na carrilleira da fonte dos Navallas, debaixo dunha pedra de xeixo que ten esmaltado un lagarto hai un gran haber que caiga 4 mulas. Consiste en petas de ouro e prata e o que encontrares vivo non o mates". Amosouille tamén unhas cantas moedas e meu pai fíxose nunha moeda que era de Felipe el Hermoso e Juana la loca. Díxolle a Domingo - esta si que é antiga, pero é de aluminio - (Daquela non había aluminio).
- É de prata - dixo Domingo - mira como canta ting, ting - . Meu pai calou non fora sei que manchara e deixara a obra a medio facer.
- Regállocha porque tenoa repetida - dixo o cantero.
Pero meu pai deuse de conta de que eran unhas moedas que viñan nos botes de Colacao para coleccións.

Foron mirar a fonte cun cepillo de alambre o cantero Domingo e meu pai, rascaeron alí para encontrar o lagarto e debaixo do penedo un furodo donde debeu estar o tesouro que xa o saqueaban.

Tal era a afición deste canteiro polos tesouros que estaba fabricando unha arquiña de madeira de carballo para meter todos os seus aforros e enterralo debaixo dunha árbore e deixar escutar nun lugar cun plano para que o encontraran cando el morra. Domingo tanto de físico como de feitos era semellante a Don Quixote da Mancha de Miguel de Cervantes. Ou seremos todos un pouco Quixotes?

JF // 4-3-2020 //

~~S. J. Cervantes~~